

# O CAMPO SEMÁNTICO DOS ANIMAIS NA FRASEOLOXÍA GALEGA, ESPAÑOLA, INGLESA E FRANCESA. ESTUDIO COMPARATIVO

Elisa Gómez López

## 1. Introducción

Cando un se enfrenta co estudio dunha lingua, tanto sexa a que se denomina materna coma calquera outra que se aprende, un dos campos que presenta máis dificultade é o das chamadas “expresións fixas”. A súa característica de seren discurso repetido e non formaren parte, en principio, da competencia lingüística mínima para poder crear enunciados comunicativos, esixe unha experiencia no uso da lingua bastante elevada e, xa que logo, unha aprendizaxe activa ou pasiva demorada. Esta circunstancia motiva o feito de que a competencia lingüística en paremioloxía estea reservada a un número de falantes bastante reducido que, no caso galego especialmente, se vai reducindo aínda máis nunha sociedade onde privan as mensaxes directas e económicas. Con todo, e como afirma Permiakov (Wolfgang Mieder, 1996:1) non se pode falar de verdadeira competencia lingüística nunha lingua se non se establece un limiar paremiolóxico que deberían dominalo falantes. Neste sentido, e debido a que a traducción precisa dun alto dominio da lingua á que se traduce, nace este traballo para tentar dar unha serie de ideas sobre a distinta estruturación das unidades fraseolóxicas de tres linguas, o galego, o inglés e o español, e para facer suxestións sobre a traducción dalgunhas delas.

Limitei o obxecto de estudio a un tipo de unidade fraseolóxica dependente: a locución. A razón disto está obviamente na necesidade de limita-lo corpus que se puidese manexar e, tamén, e porque me interesou a característica de teren as locucións unha estrutura sintáctica que fai que poidan inserirse doadamente nunha oración.

Unha vez escollido o tipo de unidade que ía analizar, e debido a que o corpus posible quedaba fóra dos límites deste traballo, tiven tamén que escoller un campo semántico no que centrarme e optei polo campo semántico dos

animais, porque sospeitei que a súa importancia na vida das persoas había reflectirse na creación de fraseoloxía.

Para este estudio tracei tres obxectivos principais:

a) Analiza-la importancia que ten o campo semántico dos animais na creación fraseolóxica das linguas e, concretamente, nas locucións.

b) Demostrar que a fraseoloxía é un dos aspectos da lingua máis difíciles de traducir. Por iso se comentan os atrancos principais cos que se topa o traductor á hora de tratar unha locución.

c) Contribuír á creación dun “instrumento” de axuda ós tradutores de galego e doutras linguas para que, de vagariño, poidan introducir no seu traballo unha parte tan importante da lingua como é o discurso repetido, unha fraseoloxía non dependente da española e plena en connotacións de tipo sociocultural.

Neste traballo comentarei as propostas de traducións das unidades fraseolóxicas. Nun apéndice presento o listado das locucións que se atoparon en tres idiomas, clasificadas polo animal ó que se refiren.

## 2. A tradución da fraseoloxía

Podería dicirse que un diccionario de locucións é unha radiografía dos éxitos e frustracións e do sentido de si mesmos que teñen os falantes dunha lingua. Por iso, para un estranxeiro, a fraseoloxía é a parte máis difícil de estudar nunha lingua. Os falantes nativos coñecen as expresións porque as escoitan constantemente, aínda que descoñezan a orixe, saben cal é o significado e cando empregalas. O coñecemento dunha lingua radica no coñecemento da súa fraseoloxía porque ten referentes culturais que só os nativos entenden. Descoñecela podería levarnos a entender do revés o que nos din ou escriben ou mesmo a que unha mensaxe nos resulte incomprendible de vez (Ferro Ruibal, 1996:104) Por iso, sería moi útil crear un diccionario no que se recollan, traduzan e expliquen estas imaxinativas locucións. Unha ferramenta así podería axudar moito no difícil labor de traducir fraseoloxía, xa que, por tódolos aspectos arriba mencionados, esta é unha das áreas da lingua máis complicadas para a tradución. E como dixo Permiakov (Wolfgang Mieder, 1996:3) ningún falante non nativo pode esperar adquirir certo dominio da cultura da lingua termo, se non ten coñecemento da súa fraseoloxía.

Xa que tódalas linguas son distintas, ignora-la súa asimetría podería levarnos a cometer graves erros de tradución que impedirían que o lector comprendese a mensaxe que queremos transmitir. Así mentres nós dicimos “calado coma un peto” os franceses din “muet comme une carpe” (calado coma unha carpa); o que para nós é “chover a cuncas”, para os ingleses é “to rain cats and dogs” (chover cans e gatos).

## 2.1. Os animais na fraseoloxía

Como xa dixen, a lingua, e en especial a fraseoloxía, reflicten o carácter dun pobo. Así os tradutores de países nos que se miman os animais non poden entender que “levar unha vida coma un can” sexa levar mala vida e tampouco entenden que ten que ver “coger el toro por los cuernos” con afrontar problemas. Isto é tan importante que ás veces hai expresións que traducidas resultan incomprendibles, porque a lingua termo estrutura a súa realidade de forma diferente.

A creación de modismos está condicionada polo ambiente no que xorden. Así os dos ámbitos urbanos teñen un carácter panhispánico, polo uniformismo dos medios de comunicación, e fornecen expresións do tipo “estar ó loro”, que non se parecen en nada ós de orixe tradicional, eminentemente rurais e mariñeiros e isto é un feito que se constata en tódalas linguas (ex. “mettre la charrue devant les boeufs”: “poñe-lo carro diante dos bois”). Na fraseoloxía galega recóllense múltiples expresións que fan referencia a estes dous mundos. Dáselle un trato especial ós labores agrícolas (“sacha-los nabos antes de nacer”), ás profesións (“ter cara de ferreiro”) e ós costumes e caracteres dos animais (“andar como a galiña cos ovos”, “a paso de boi”, “cacarexar e non poñer ovos”). Visto isto, temos que dicir que o mundo dos animias é moi importante na cultura galega por dous motivos:

a) a estreita relación que o home ten con eles e a importancia que teñen na economía galega, déixase ver na enorme cantidade de expresións nas que se menciona algún animal. (Ex. “fai máis caso un porco que levas á feira” emprégase para reprender a un mal guiado).

b) o medo que se lle ten a algúns animais fai que se empreguen eufemismos para referirse a eles, o cal orixina a creación de expresións fraseolóxicas.

## 2.2. Propostas de tradución

Para demostra-lo difícil que é traducir fraseoloxía, elaborei unhas fichas nas que pretendo ofrecer posibles traducións das locucións. Creeinas partindo de exemplos dos tres idiomas estudados (galego, español e inglés). Os exemplos de galego tratei de traducilos ás outras linguas (incluído o francés) para comprobar se as locucións tiñan equivalentes exactos nas outras linguas, se empregaban o mesmo animal (se é que utilizaban algún), nas súas locucións e se era posible en tódolos casos atopar locucións nas outras linguas ou había que recorrer a expresións descritivas. Para os exemplos de español e inglés empreguei o mesmo procedemento. Elaborei un total de 34 fichas, das que 12 parten do galego, 12 parten do español e 10 do inglés. Fixen comentarios dos exemplos para achegar datos sobre os resultados obtidos de entrevistas realizadas a falantes nativos da cada lingua. Especificábase se os falantes coñecían e usaban as locucións e se aceptaban as traducións

ofrecidas. Os falantes tamén comentaron os sinónimos ofrecidos e mesmo achegaron outros. Así puido avaliarse o grao de idiomaticidade, a frecuencia de uso, as diferencias de rexistro, etc.

Dada a amplitude deste apartado, neste escrito non fixen máis que recoller catro fichas, a modo de exemplo, de cada unha das linguas estudias.

### 2.2.1. *A partir de exemplos da fraseoloxía galega*

#### 1. *Andar á miñoa*

*Gastou todo canto tiña e agora anda á miñoa*

**Sin.** Non ter un can; non ter unha cadela

Andar sen diñeiro.

(ES): Estar sin perra

*Quería hacerte un regalo, pero estoy sin perra*

**Sin.:** Estar sin blanca; estar sin un duro; estar limpio

(EN): To be as poor as a church mouse

*I can't lend you any money, I am as poor as church mouse*

**Sin.:** To be broke; not to have a penny to one's name ; to be penniless

(FR): Ne pas avoir un sou

*Je ne peux pas y aller, je n'ai pas un sou*

**Sin.:** Être sur la paille; être à sec

Os falantes coñecen e usan as locucións das distintas linguas, así como os diferentes sinónimos ofrecidos. En galego existe a tradución literal da locución española, pero non ó revés. Ademais, a locución galega implica un estado de pobreza maior có indicado pola española. En inglés emprégase o rato para da-la idea de pobreza.

“Perra” é o nome dunha moeda e posiblemente non teña nada que ver co animal; é curioso que en galego apareza a locución con “cadela”, se cadra, na orixe foi calco do español.

#### 2. *Cada moucho no seu souto*

*Non te metas onde non te chaman, xa sabes, cada moucho no seu souto.*

Estar cada un no seu sitio.

(ES): Cada mochuelo en su olivo.

*Después de las 10 de la noche cada mochuelo está ya en su olivo.*

(EN): To get to his/her own place

*It's very late, it's time you went to your own place*

**Sin.:** To go home

(FR): Chacun à sa place

*Il est trop tard, chacun à sa place!*

**Sin.:** Chacun chez soi

### **Comentario**

Os falantes coñecen e usan as expresións atopadas nas diferentes linguas. En inglés e francés non se atoparon locucións equivalentes e houbo que empregar expresións descritivas. Así a proposta de tradución recolle o significado pero perde idiomaticidade. En galego e español as dúas locucións son de tipo metafórico e existe unha coincidencia case total da imaxe, coas diferencias evidentes que marca a distinta flora en Galicia e en Castela (ou Andalucía).

### **3. Coller unha sardiña**

*O martes o Xan colleu unha sardiña e ó día seguinte tiña tal resaca non puido ir traballar*

**Sin.:** Pillar unha mona; comprar unha mula; beber ata tocarlle cun dedo

Embebedarse.

(ES): Agarrar (coger; pillar; pescar) una mona

*Como sigas bebiendo así, vas a agarrar una buena mona*

**Sin.:** Coger un pedal; coger un pedo; coger una moña; coger una merluza; coger una tajada; coger un cebollón; coger una melopea; coger una trompa; ponerse como una cuba

(EN): To get plastered

*He wouldn't stop drinking beer and ended up getting plastered*

**Sin.:** To get drunk; to get pissed; to get legless; to get slaughtered.

(FR): Prendre une cuite

*Tu auras tout le temps de dormir et même de prendre une cuite*

**Sin.:** Se cuiter; s'enivrer; se bourrer (la gueule); se saouler; être plein comme une vache

### **Comentario**

Para reflecti-la idea de borracheira hai miles de expresións, pero non todas pertencen ó mesmo rexistro, nin poderían ser empregadas nas mesmas

situacións. Por exemplo non podería traducirse “coller unha sardiña” (de rexistro coloquial) por “to get pissed” xa que esta última é de rexistro máis vulgar e soa máis forte. Si que podería traducirse polo español “coger una mona”. “To get plastered” é de rexistro coloquial, pero non tan vulgar como “to get pissed”, por iso se escolleu como proposta de tradución.

Os falantes coñecen e usan as locucións recollidas, así como os sinónimos ofrecidos.

#### **4. Saí-la porca mal capada**

*Quixemos amolalo e saíuno-la porca mal capada*

**Sin.:** Saír grila unha cousa; saírllle a alguén a galiña choca; saí-la çadela can; saí-lo can çadela; saí-las contas furadas; saíla pascua en venres

Saír algo mal, de forma inesperada.

(ES): Salir rana

*Creía que era un negocio muy próspero, pero le salió rana*

**Sin.:** Salir el tiro por la culata

(EN): To be a disappointment

*Not getting the job was a real disappointment for him*

**Sin.:** To let down; to go wrong; to fuck things up

(FR): Rater

*Mon projet a raté à cause du mauveais temps*

**Sin.:** Pas être ce qu'on espérait; ne pas être réussi; échouer; tourner mal

#### **Comentario**

En español a locución vén da expresión “salga pez o salga rana”, que significa “salga lo que salga”. Alude á pesca, é unha contraposición do peixe e a ra.

Entre galego e español hai identidade semántica pero non comparten nin a imaxe nin os elementos que a forman. Pode haber unha diferenza de rexistro xa que a expresión galega introduce termos que poden estar cinguidos a un nivel de uso máis vulgar, circunstancia que non ocorre no español. Para o inglés e o francés non apareceu unha locución que recollese o mesmo significado có galego ou o español e houbo que recorrer a termos descritivos. Novamente, estamos ante un caso de imposibilidade de tradución sen perda de idiomaticidade.

Tódolos falantes coñecen e usan as expresións.

## 2.2.2. A partir de exemplos da fraseoloxía castelá

### 1. *Estar con (tener) la mosca detrás de la oreja*

*Hace días que estoy con la mosca detrás de la oreja porque la directora no quiere ni saludarme*

**Sin.:** Estar mosca; estar mosqueado; tener un mosqueo

Recear, sospeitar, mostrarse precavido.

(GA): ¡Cheira a can!

*O Pedro non deixa de facerlle favores. ¡Chéirame a can!*

**Sin.:** Andar coa mosca no ubre/na orella; galiña será pero cheirame a can

(EN): To smell a rat

*He had seen the car several times. Smelling a rat he jotted down the plate number.*

**Sin.:** To be on one's guard ; something smells fishy

(FR): Avoir la puce à l'oreille

*...une envie qui n'osait pas dire oui: c'est qui m'a mis la puce à l'oreille*

**Sin.:** Se douter de quelque chose; soupçonner; il y a anguille sous roche

### **Comentario**

En galego tamén se rexistra a locución “andar coa mosca na orella”, pero os falantes consultados non sabían se se trataba dunha locución española ou galega, xa que logo decidín cambiala por outra que coñecían mellor: “¡cheira a can!”. É moi curiosa a similitude entre o español e o francés, nas dúas linguas se fala de ter un becho pequeno na orella. Tamén é curiosa a coincidencia entre o galego e o inglés: nos dous casos fálase de “cheirar algo”, en español tamén se di que algo “huele mal”, para amosar desconfianza.

O problema principal que se presentou foi o feito de que a locución galega está condicionada pola presenza dun moi concreto me non podería empregarse en tódolos casos.

Canto ó rexistro, tódalas locucións son de rexistro coloquial; se cadra, a locución galega é algo máis vulgar, pero a diferenza non é demasiado significativa.

Tódolos falantes recoñecen e usan as locucións recollidas.

### 2. *Andar a gatas*

*Antes de aprender a andar propiamente tódolos bebés andan a gatas*

**Sin.:** Andar a cuatro patas

Andar coas mans e cos pés coma os gatos.

(GA): Andar a gatas  
*Entrou a gatas para que ninguén o vise*  
**Sin.** A zorro; gatiñas; gateñas; ás degateñas

(EN): To go on all fours  
*I had to go on all fours*  
**Sin.** To crawl

(FR): À quatre pattes  
*Il marche toujours à quatre pates, posant les mains et les pieds par terre*

### **Comentario**

O principal atranco para a traducción atopouse en inglés, pois non foi doado dar cun equivalente. A solución ofrecida é só aproximada, xa que non é tan clara coma en español. O sinónimo podería servir nalgún contexto, mais é moi vago. No francés tamén houbo dificultades, pois non se atopou unha locución máis específica ca que se achega.

Os falantes recoñeceron as expresións.

### **3. Dar gato por liebre**

*Me han dado gato por liebre pagué 20.000 pts por una pluma y no escribe*

**Sin.:** Dar el palo; vender la burra

Enganar alguén, dándolle a unha cousa unha calidade superior á que ten en realidade.

(GA): Dar (meter) gato por lebre  
*Non lle compres a ese home: a min xa me quixo dar gato por lebre*

(EN): To be conned  
*She is such a naive girl that she always gets conned*  
**Sin.:** To be had; to be done in; to be done; to rip someone off

(FR): Rouler  
*C'est bien trop chère! Vous vous êtes fait rouler*  
**Sin.:** Tromper quelqu'un

### **Comentario**

A expresión nace do feito de que a carne de gato e a da liebre son moi semellantes e era fácil facer pasar unha pola outra. O principal atranco para a traducción atopouse no inglés, pois non foi doado dar cun equivalente. A



solución ofrecida é só aproximada, pois non é tan clara coma o español. O sinónimo que se ofrece podería servir nalgún , mais é moi vago. No francés tamén houbo dificultades porque non se atopou unha locución máis específica que a ofrecida.

Verbo do rexistro cómpre dicir que o inglés e o francés son algo máis coloquiais có galego e o español, pero a diferenza non impide que poidan ser alternativas de tradución. En inglés e en francés as propostas non son tan idiomáticas coma en galego e español, pero non se atoparon solucións mellores.

Os falantes recoñeceron as locucións.

#### 4. *Dormir como un lirón*

*Despidieron al vigilante nocturno porque se pasaba la noche durmiendo como un lirón*

**Sin.:** Dormir como una marmota; dormir como un tronco; dormir como un bendito; dormir como una piedra

Durmir ben, profundamente.

(GA): Durmir coma un leirón

*Onte estaba tan cansa que durmín coma un leirón e non espertei ata a mañá*

**Sin.:** Durmir coma unha pedra

(EN): To sleep like a log

*He won't wake up, he sleeps like a log!*

**Sin.:** To be sound asleep

FR: Dormir comme un loir

*Mes matelas ont été rebattus, je dors comme un loir*

#### Comentario

O "leirón" é un roedor que hiberna en troncos ocos e baixo montóns de follas caídas. A locución fai referencia a este hábito.

Tódolos falantes coñecen e usan as locucións recollidas. No caso do galego, temos unha nova posibilidade de calco do español. Os falantes consultados recoñecérona como propia, mais pode ser que estean influenciados polo castelán. Eu considero que pode existir nas dúas linguas xa que a locución fai referencia a un feito universal (os leiróns hibernan), por iso esta locución atopouse en tódalas linguas agás no inglés.

### 2.2.3. A partir de exemplos de fraseoloxía inglesa

#### 1. *Blind as a bat*

*Forget waving at him, he's as blind as a bat*

Ser moi miope, mesmo completamente cego.

(GA): Ser unha toupeira

*¡Es unha toupeira, mira que non ve-lo mando a distancia!*

**Sin.:** Ser pitoño

(ES): No ver un burro a cuatro pasos

*La pobre mujer no ve un burro a cuatro pasos, ayer pasó por mi lado y ni se enteró*

**Sin.:** No ver dos (tres) en un burro

(FR): Être myope comme une taupe

*Cette vieille femme est myope comme une taupe*

**Sin.:** N'y voir goutte ; ne voir que dalle

#### Comentario

A expresión fai referencia á escasa visión dos animais mencionados. En galego o sinónimo “pitoño” vén de “pisca-lo ollo”. Tódolos falantes recoñeceron as locucións. O francés, o inglés e o galego empregan animais que se caracterizan por ver moi pouco. En español, os falantes identificáronse mellor con “no ver dos (tres) en un burro”, aínda que os dicionarios recollen as dúas. En galego e francés emprégase o mesmo animal a “toupeira”.

#### 2. *Cunning as a fox*

*Don't even think of deceiving him, he is as cunning as a fox*

**Sin.:** Wily

Ser persoa aguda.

(GA): Ser un raposeiro

*Non che quixo o viño malo, este rapaz éche un raposeiro*

**Sin.:** Ser fino coma un allo; ser (coma un) (moi) cuco

(ES): Astuto como un zorro

*Consiguió acertar todas las adivinanzas, es astuto como un zorro*

**Sin.:** Ser un zorrón; ser más listo que los ratones colorados

(FR): Rusé comme un renard

*Cet enfant est rusé comme un renard*

**Sin.:** Astucieux; futé; malin comme un singe

## Comentario

O “raposo” ten fama de ser un animal que actúa con malicia e picardía, de aí a comparación. Nas catro linguas hai locucións nas que aparece o raposo: “ser un raposeiro”, “ser astuto como un zorro”, “cunning as a fox” e “rusé comme un renard”. Sen embargo, para expresa-la idea de astucia, as linguas empregan multitude de animais, como se pode ver nos exemplos. Así o galego emprega o raposa e o cuco; o español o raposo e os ratos, o inglés o raposo e o francés o raposo e mono (este animal asóciase co demo).

Os falantes recoñeceron tódalas locucións.

### 3. *Obstinate as a mule*

*You won't persuade him, he's as obstinate as a mule*

**Sin.:** Stubborn as a mule

Persoa difícil de persuadir ou obrigar a facer algo distinto do que ela pensa ou fai nese momento.

(GA): Ser un carneirán

*Andas sempre a porfiar no mesmo, es un carneirán*

(ES): Ser terco como una mula

*Ya le han advertido que no puede fumar, pero es terco como una mula y seguirá fumando*

**Sin.:** Ser terco como un mulo; ser cabezorro; ser cabezón

(FR): Têtu comme une mule

*Il est têtú comme une mule, il dira toujours “non”*

**Sin.:** Têtu comme une mulet; têtú comme une bourrique (bourricot)

## Comentario

A locución fai referencia á fama de obstinadas que teñen as “mulas”, de aí que coincide en tódalas linguas analizadas. Tódolos falantes recoñeceron as locucións. Un dos sinónimos achegados en francés, resultoulles totalmente alleo ós falantes: “têtú comme une mulet”. Se cadra é unha locución en desuso.

### 4. *Pigs may (might) fly.*

*Perhaps he'll let you have it cheap. —Yes, and pigs may flight.*

Refírese a algo que non pode ocorrer, nin ocorrerá nunca.

(GA): Á hora na que mexen as galiñas.

*¿Cando has acaba-la carreira? —Á hora na que mexan as galiñas (17)*

**Sin.:** Cando mexen as galiñas; cando as ras críen pelos; calquera día fóra da semana.

(ES): Cuando las ranas crien pelos.

*Le devolveré el dinero cuando las ranas críen pelos*

**Sin.:** Cuando las ranas tengan pelos; cuando las ranas se afeiten; la semana de tres jueves; cuando meen las gallinas.

(FR): Quand les poules auront des dents.

*Quand te marieras-tu, toi? —Quand les poules auront des dents —Y en a qui en ont.*

**Sin.:** Quand les poules pisseront.

### **Comentario**

Os animais empregados como referentes nas distintas linguas son diferentes, pero a idea á que se asocia é exactamente a mesma.

Tódolos falantes recoñeceron as locucións. Non foi difícil atopar equivalentes, pero houbo dous problemas:

a) o rexistro: o galego é de rexistro inferior ás demais linguas e non podería empregarse en calquera contexto. Nas demais linguas, aínda que o rexistro é familiar, as locucións poden empregarse en máis contextos. En moitas ocasións sería preciso substituí-la locución galega por outra: “calquera día fóra da semana”.

b) a equivalencia semántica: as locucións non son equivalentes exactos do inglés. Mentres que o inglés indica que é moi difícil que ocorra algo, as outras locucións significan “nunca”. Na tradución posiblemente fose preciso reestructura-la oración para poder introduci-la locución e que non se perdesse nin parte do significado, nin expresividade.

## **4. Conclusión**

A elaboración dos listados de locucións (véxase o **apéndice**) nos diferentes idiomas permitíume chegar á conclusión de que o campo semántico dos animais ten unha grande importancia na creación fraseolóxica das linguas.

En galego o corpus de locucións escolmado era de 4628 locucións das cales 381 incluían algún animal. No caso do español, analizouse un corpus de 8000 locucións que forneceu un listado de 282 locucións con animais. Finalmente, o corpus en inglés era de 7200 locucións e atopáronse 239 locucións nas que aparecía algún animal. Como se pode observar, o galego é a lingua na que se atoparon máis locucións que inclúen animais xa que se analizou un corpus máis pequeno e obtivéronse máis ocorrencias. Despois está o español, que ten o corpus máis grande, e por último o inglés, lingua na que apareceron menos locucións pero con máis variedade de animais.

En galego os animais máis frecuentes foron o can (49 locucións), o gato (21 locucións), o burro (20 locucións), o boi (15 locucións), a cabra (12 locucións), a

vaca (12 locucións), o porco (12 locucións), o galo a galiña (11 locucións cada un), o paxaro (10 locucións), a mosca (9 locucións), o peixe (8 locucións). Xa con menos locucións aparecen animais coma o cabalo, o pito, o raposo e o lobo, que son bastante significativos. É obvio que en galego os animais máis frecuentes na fraseoloxía son os domésticos polo seu continuo contacto co home e polo feito de que a sociedade galega sempre foi unha sociedade de ámbito rural e na que a cría de animais, así como a pesca, tivo moita importancia.

En español, os animais máis utilizados foron: o can (34 locucións), o gato (26 locucións), a mosca (18 locucións), o galo (15 locucións), o paxaro (15 locucións), o burro (14 locucións), o cabalo (12 locucións), o mono (12 locucións), o lobo (12 locucións), a galiña (10 locucións), o raposo (10 locucións) e o touro (9 locucións). Aínda que con menos locucións tamén son salientables a cabra, a vaca, o peixe e o porco.

Para o inglés o resultado foi o seguinte: o can (25 locucións), o cabalo (19 locucións), o gato (19 locucións), o paxaro (15 locucións), o porco (11 locucións), o peixe (10 locucións) e o pito (7 locucións). Outros animais destacados son o lobo, a mosca e o touro.

No tocante as coincidencias cómpre destacar que a maior parte delas se deron entre o galego e o español (houbo 54 coincidencias semánticas e formais e 8 só formais). Isto débese a proximidade das culturas. Mais cómpre ter en conta que moitas destas coincidencias non serían tales se o galego non estivese influenciado polo castelán e non fose tan problemático separalas locucións propias do galego daquelas que son un calco.

Entre o galego e o inglés hai dúas concincidencias semánticas e formais e unha só formal. Entre o español e o inglés hai 12 coincidencias semánticas e formais e tres formais. Finalmente hai catro locucións que son equivalentes nas tres linguas estudadas. Este fenómeno dáse cando nos referimos a feitos universais, que son iguais para tódalas culturas. Por exemplo, “comer coma un paxariño” pódese traducir literalmente ó español, inglés e francés, porque as mulas teñen fama de ser moi tercas e iso recóllese en tódalas linguas.

No tocante ás propostas de tradución que se presentaron arriba, o problema máis importante que tiven para atopar-las equivalencias foi a dificultade de determinar nas distintas linguas se as locucións achegadas pertencían ó mesmo rexistro ou non, xa que esta é unha información que non recollen os dicionarios. Así mesmo resultou moi difícil saber se as locucións atopadas tiñan a mesma frecuencia de uso en tódalas linguas e se compartían o mesmo grao de idiomaticidade.

A fraseoloxía é unha das áreas máis difíciles de traducir, posto que non chega con coñecer un equivalente formal e semántico: cómpre asegurarse de que se empregan nos mesmos contextos, de que pertencen ó mesmo rexistro, de que teñen a mesma frecuencia de uso e de que resultan igualmente idiomáticos nunha lingua e noutra. Toda esta información, tan necesaria, é moi difícil de atopar.

Para solucionar moitos dos problemas que se presentan na traducción da fraseoloxía, sería necesaria a creación dun diccionario fraseolóxico multi-lingüe no que se ofrecesen posibles traducións, tendo en conta tódolos aspectos antes mencionados. Para asegurarse de que as solucións son axeitadas, habería que consultar un amplo grupo de falantes nativos de cada idioma, de tódalas idades, sexos e niveis sociais e culturais. Só así se podería ter total seguridade de que as conclusións ás que se chegue coinciden coa realidade fraseolóxica da cada lingua.

Un instrumento creado así sería o mellor regalo para un traductor xa que lle solucionaría moitos dos problemas que se presentan a cotío. E axudaríano na eterna loita na pescuda da mellor alternativa de traducción.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- FERRO RUIBAL, X. 1996. *Cada quen fala coma quen é*. A Coruña: Real Academia Galega, 1996.
- MIEDER, W. 1996. Paremiological Minimum and Cultural Literacy. En *De Proverbio*, Vol. 1, Núm. 1, <http://info.utas.edu.au/dcos/flonta/>, 1996.

## BIBLIOGRAFÍA

- CASARES, J. *Introducción a la lexicografía moderna*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1992.
- COWIE, A. P.; MACKIN, R. e MCCAIG, I. R. *Oxford Dictionary of Current Idiomatic English 2*. Oxford: Oxford University Press, 1983.
- FERRO RUIBAL, X., *Refraneiro Galego Básico*. Vigo: Galaxia, 1987.
- GRAÑA NÚÑEZ, X. *Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua galega*. Vigo: Ir Indo, 1993.
- HATIM, B. e MASON, I. *Discourse and the Translator*. London: Longman, 1992.
- IRIBARREN, J.M. *El porqué de los dichos*. Pamplona: Gobierno de Navarra, 1994.
- LÓPEZ TABOADA, C. e SOTO ARIAS, M. R. *Así falan os galegos. Fraseloxía da lingua galega*. A Coruña: GaliNova, 1995.
- MONTERO, E. *El eufemismo en Galicia. Verba*, Anexo 17. Santiago: Universidade de Santiago, 1981.
- NEVES, O. *Dicionário das origens das frases feitas*. Porto: Lello e Irmão Editores, 1992.
- NEWMARK, P. *Manual de traducción*. Madrid: Cátedra, 1992.
- RAT, M. *Dictionnaire des locutions françaises*. París: Librairie Larousse, 1957.
- REY, A. e CHANTREAU, S. *Dictionnaire des Expressions et Locutions*. Paris: Les usuels du Robert, 1985.

- SANTOS, A. N. e SANTOS, P. *New Dictionaries of Idioms*. Lisboa: Edições João da Costa, 1990.
- SEILD, J. e McMORDIE, W. *English Idioms*. Oxford: Oxford University Press, 1988.
- SIMPSON, J. *The Concise Oxford Dictionary of Proverbs*. Oxford: Oxford University Press, 1992.
- TORRE, E. *Teoría de la traducción literaria*. Madrid: Síntesis, 1994.
- VARELA, F. e KUBARTH, H. *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Gredos, 1994.
- VV.AA., *Diccionario práctico de locuciones*. Barcelona: Larousse Planeta, S.A., 1993.

## APÉNDICE

### Listados de locucións

Elaborei listados das locucións do galego, do español e do inglés onde aparecen referencias a animais. Os exemplos están ordenados por animais, formando grupos nas tres linguas. Dentro de cada grupo a ordenación é alfabética para facilitar a localización. Tódalas locucións levan unha explicación do seu significado. Ó final do listado de locucións aparece un pequeno comentario con indicacións de diversa índole sobre o grao de semellanza ou diferenza semántica e formal entre as distintas linguas. Por razón da limitación do traballo, só presento catro animais que son os que agrupan o maior número de locucións.

### 1. BOI

#### Galego

1. Andar como os bois: ser un escravo.
2. Andar como os bois no monte: en coiros.
3. A paso de boi (ir, andar): moi a modo.
4. Beber coma un boi: beber moito.
5. Buscarlle a corte ó boi vello: querer ensinarlle algo a quen ten moita experiencia.
6. ¡Cea os bois!: díselle a alguén cando esaxera.
7. Co coiro lordento, coma os bois na corte no inverno: sucio.
8. Nin boi nin vaca: nin unha cousa nin outra.
9. Non arar cos bois de alguén: desgustar, desagradar.
10. Parecer un boi de machado: ser moi bo.

11. Poñe-lo carro diante dos bois (antes cós bois) (os bois antes có carro): precipitarse.

12. Saber de que man ara un boi: coñecer ben a unha persoa.

13. Saber con que bois se ara: coñecer ben a xente con quen un ten que tratar.

## Español

1. A paso de buey: moi despacio.

2. Hablar de bueyes perdidos: falar de cousas inconexas.

3. Saber con que bueyes ara: coñecer ben as persoas coas que se pode ou debe tratar.

## Inglés

1. As hard to recognise as Adam's off ox: moi difícil de recoñecer.

2. Strong as an ox: con moita forza muscular; capaz de facer traballo físico

## Comentario

Este animal, en xeral, ten un valor positivo en tódalas linguas. En galego emprégase máis ca en ningunha lingua e, polo tanto, ten máis valores: bondade, fortaleza, capacidade para facer moito traballo e mesmo experiencia.

Polo que se refire ás coincidencias formais e semánticas, hai dúas locucións que coinciden, na forma e no significado, en castelán e galego: “a paso de boi”: “a paso de buey” e “saber con que bois se ara”: “saber con que bueyes ara”.

## 2. BURRO

### Galego

1. Amigos, amigos, pero a burra á linde: amigos si, pero cada un ó seu.

2. ¡Boa burra mercamos!: emprégase cando se fai mal negocio.

3. Caer do burro (burra): recoñecer un erro, desistir.

4. Comer coma un burro: comer moito.

5. Chamarlle burro ó cabalo: empregáse cando se quere expresar que unha persoa non é tan parva como parece.

6. Despois de burro, apaleado: “encima de mel, filloas”; cando a unha contrariedade lle sucede outra.

7. Gaña-lo que gañou a burra en maio: non gañar nada.

8. Non baixar da burra: teimar, turrar.



9. Non ha morrer da cornada dun burro: dise de quen toma as debidas precaucións.

10. Non poder dar no burro e dar na albarda: castigar ó inocente por non atreverse co culpable.

11. Non ver un burro a tres pasos: non se decatar de nada ou non ver nada

12. Orneadas de burro non chegan ó ceo: ante necias palabras o mellor é non facer caso.

13. Poñer a caer dun burro: insultar, maltratar.

14. Por riba de burro, mazado: cando unha situación empeora.

## Español

1. Caer de su burra (burro): reconece-los seus erros, retractarse.

2. Cielo (de color) de panza de burro (burra): ceo cuberto e de cor gris escura.

3. Como el burro flautista: acertar algo por casualidade. Vén dunha fábula de Tomás Iriarte, “El burro flautista”, na que un burro atopa unha frauta e, como ó cheiralá soou, pensou que sabía tocar.

4. Ese no morirá de la cornada de un burro: dise de quen toma as debidas precaucións. Antigamente: “coz de gansa”.

5. Hacer el burro: facer algunha parvada ou tolada.

6. No ver un burro a tres pasos: non ver nada.

7. Poner a caer de un burro a alguien: insultar, maltratar a alguén.

8. Ser un burro cargado de letras: persoa estudiada que, sen embargo, non discorre moito.

9. Ser un burro de carga: persoa de moito aguante, a quen se lle encargan os peores traballos.

10. Trabajar como un burro: traballar moito.

## Inglés

1. Donkey’s ears: un período de tempo moi longo.

2. Do the donkey work: face-lo traballo pesado e aburrido.

## Comentario

Este animal adquire un valor máis ben negativo na fraseoloxía de todas as linguas. Emprégase para falar de facer traballos pesados, para indicar que alguén é moi teimudo, que fai parvadas, etc. Todos estes valores proveñen directamente do carácter do animal, por iso hai moitas coincidencias nas linguas. En inglés só ten o valor de face-lo traballo duro, e engade un valor novo, referido ó tamaño das orellas do animal (“donkey’s ears” - período de tempo moi longo).

En galego e castelán coinciden, formalmente, catro locucións: “caer do burro”=“caer de su burra”; “non ha morrer da cornada dun burro”=“ese no morirá de la cornada un burro”; “non ver un burro a tres pasos”=“no ver un burro a tres pasos” e “poñer a caer dun burro”=“poner a caer de un burro a alguen”. A primeira, segunda e cuarta coinciden tamén no significado, mentres que a terceira non é de todo equivalente. En galego significa “non decaerse de nada” e “non ver nada”, mentres que en español só significa “non ver nada”.

En inglés e castelán coincide unha no significado, aínda que a equivalencia formal non é exacta: “ser un burro de carga”=“do the donkey’s work”. Ámbalas dúas significan “face-lo traballo pesado”.

### 3. CAN

#### Galego

1. A carreiriña dun can: a pouca distancia, preto.
2. Andar a paso de can (cadela): andar rápido.
3. Botarlle os cans a un: reprender a alguén.
4. Botarse a un coma un can: dirixirse a alguén de moi malos modos.
5. Cariñento coma un can: moi cariñoso.
6. Ceiba-los cans na bouza: sementar discordia, complicar un asunto.
7. Como se cantara (ladrara) un can: expresa indiferencia.
8. Cheirar a can: resultar algo sospeitoso.
9. Dáme pan e chámame can: dise de alguén que é doado de manexar.
10. Deixar anda-lo can na roca (que el ha dar conta da mazaroca): emprégase para indicarlle a alguén que xa virán tempos mellores.
11. Durmir sen can: durmir sen medo.
12. Éche unha risa cos cans de onte: dise con certa sorna cando non fai gracia a risa dos outros.
13. Esperta-lo can que dorme: buscar problemas.
14. Estar feito un can: estar furioso.
15. Estar sen un can: non ter cartos.
16. Fuxir coma un can con vincha ó rabo: saír correndo dunha situación.
17. Galiña será pero chéirame a can: desconfianza. (Vén dun conto popular).
18. Ir un frío que nin os cans paran: ir moito frío.
19. Levar unha vida coma un can: pasar moitas calamidades.
20. Morrer coma un can: morrer no maior abandono.
21. Non hai misa nin cans que lle ladren: non hai quen lle poña obxección.
22. Non quedar can tras palleiro: non quedar sitio ningún.
23. Non valer o que o rabo dun can: dise do que vale pouco ou nada.

24. ¿O meu can pillou unha mosca? ¿Cando pillaré outra?: dise cando alguén facheanda por algo que lle saíu ben.
25. ¡Outro can na merenda!: outro que fai, di o mesmo.
26. Saí-lo can cadela: levar un chasco.
27. Ser can de palleiro: ser mullereiro.
28. Ser un can vello: ser un home cauto e advertido pola experiencia.
29. Ter cara de can: ter cara de malo.
30. Todo canto can e gato hai: todos sen distinción.

## Español

1. ¡A otro perro con ese hueso!: expresión con que se rexeita algo por imposible ou increíble.
2. Cara de perro: cara de ferreiro, cara de ter poucos amigos, estar de mal humor.
3. Coger la perra con alguien (algo): empeñarse, encapricharse con alguén (algo), insistir en algo.
4. Como el perro y el gato: dise das persoas que se levan mal, que son incompatibles.
5. Como un perro (ser, vivir) : persoa particularmente desgraciada ou desprezada.
6. Cuidado con el perro: sentido de advertencia e prevención.
7. Dar perro a alguien: causarlle mal por non cumprilo acordado.
8. De perros: adoita referirse ó mal tempo.
9. Echarle los perros a alguien: reprender severamente a alguén.
10. El perro del hortelano (que ni come ni deja comer a su amo) (frase proverbial): persoa que non aproveita algo, nin deixa que os demais o fagan.
11. Irle a uno como a los perros en misa: irlle mal, ter desgracias.
12. Llevar una vida perra (de perros): levar unha vida chea de sufrimentos e penalidades.
13. Meter los perros en danza: rifar ou pelexar con alguén.
14. Morir como un perro: a) sen sinais de arrepentimento b) só, no maior abandono.
15. No quiero perro con cencerro: indica que non se quere algo que ha traer máis mal ca ben.
16. ¡Para ti la perra gorda!: expresión con que ironicamente se remata unha discusión, dándolle a razón, sen tela, a quen porfía.
17. Perro caliente: bocadillo de salchicha feito na grella.
18. Ser el (los) mismo(s) perro(s) con distinto(s) collar(es): ser practicamente o mesmo.
19. Ser un perro viejo: dise da persoa escarmentada.
20. Tener humor de perros: moi mal humor.

## Inglés

1. A-cat-and-dog life: vida de continuas liortas.
2. A dog in the manger: persoa egoísta que non deixa que outros utilicen algo que ela non usa para nada.
3. A dog's life: vida na que un non ten demasiados praceres ou liberdades e ten que obedecer a outros.
4. A son of a bitch: (vulgar) a) interxección: ¡merda! b)insulto: ¡fillo de puta!. De orixe americana, pero cada vez máis presente no inglés británico pola influencia das películas.
5. Dog tired: moi canso.
6. Have (lead) a cat-and-dog life: vida de continuas liortas.
7. Keep a dog and bark oneself: contrata-los servicios de alguén para facer un traballo e logo facelo un mesmo.
8. Let sleeping dogs lie: non volver falar de cuestións delicadas que xa estaban esquecidas e poderían traer problemas.
9. Let the dog see the rabbit: non poñerse diante de quen quere ou ten que ver algo.
10. Like a dog with two tails: estar orgulloso, satisfeito por acadar algo.
11. Love me, love my dog: amor verdadeiro.
13. Rain (pour) cats and dogs: chover a cimbraceus, moito.
14. Sick as a dog: vomitar moito; moi preocupado ou deprimido.
15. The dog's days: días de verán de moita calor; tempo de aburrimiento.

## Comentario

O can ten en tódalas linguas un valor negativo na maioría dos casos. As únicas locucións nas que ten un valor positivo é nas seguintes: “top dog” (persoa con vantaxe); “gay dog” (persoa amante do pracer); “ser un perro viejo” (ter experiencia) “ser un can vello” (home advertido pola experiencia). En español dá idea de mal humor, desprezo, inutilidade, agresividade e egoísmo. En galego comparte os valores do español e engade outros novos como a idea de desconfianza e fatiga. En inglés comparte as ideas de egoísmo, inutilidade, fatiga e de mala vida, que aparece nas outras linguas. Velaquí o animal máis redible na fraseoloxía das linguas analizadas, especialmente no caso do galego.

En galego e castelán coinciden seis locucións. Tres delas son equivalentes na forma e no significado: “botarlle os cans a alguén”=“echarle los perros a alguien”; “levar unha vida coma un can”=“llevar una vida perra”; “ser un can vello”=“ser un perro viejo” e “tratar como un can a un”=“tratar como un perro”. As outras dúas coinciden na forma pero no significado hai pequenos matices que as distinguen un pouco: “Ata-los cans con longaiñas”e “atar los perros con longanizas”. O galego indica facer algo imposible e o castelán

gozar de abundancia. “Ter cara de can” e “cara de perro”. O galego indica “ter cara de malo” e o castelán “estar de mal humor”. Hai unha locución que coincide, formal e semanticamente, en galego, español e inglés; “levar unha vida coma un can”=“llevar una vida perra”=“a dog’s life”. En galego e inglés hai unha locución que se parece na forma, pero que expresa todo o contrario. A idea é a mesma, cambia a perspectiva: “esperta-lo can que dorme (buscar problemas)=“let sleeping dogs lie” (non provocar). En español e inglés coinciden dúas locucións, tanto na forma como no significado: “como el perro y el gato”=“a cat-and-dog life” e “el perro del hortelano”=“a dog in the manger”.

## 4. GATO

### Galego

1. A gatas: Andar cos pés e mans coma os gatos.
2. Andar á xaneira (de xaneira) coma os gatos: estar en celo; aplícase ás persoas irascibles.
3. Andar como o gato polas brasas: con tino, con precaución.
4. Buscalle os catro (tres) pés ó gato: buscar problemas; buscar un imposible.
5. Dar (meter) gato por lebre: enganar.
6. Facerse a gata morta: finxir, mostrarse hipócrita.
7. Leva-lo gato á auga: saír coa súa, conseguilo que se propón.
8. Non comungar un gato con algo: non abondar ese algo para nada.
9. O mexo dun gato: chuvia escasa.
10. Poñerse o gato na lumieira: anubarse o sol.
11. Semellar unha gata parida: estar fraco.
12. Subírselle o gato á parra: volverse activo; ser irascible.
13. Ter palabras de santo e unllas de gato: ser hipócrita.
14. Vai ver se a gata ten ovo: díselle a alguén cando está a amolar.

### Español

1. A gatas: andar coas mans e pés, coma os gatos.
4. Buscalle los tres (cinco) pies al gato: obstinarse en buscar defectos, explicacións, posibles consecuencias, razóns, etc. sen necesidade ningunha e co único resultado de complica-las cousas.
3. Como el perro y el gato: dise das persoas que se levan mal, que son incompatibles.
4. Correr como gato por ascuas (brasas): correr moi apuradamente o que escapa dun perigo.
5. Cuatro gatos: concorrencia pouco numerosa de persoas.

6. Dar gato por liebre: enganar a alguén atribuíndolle a unha cousa unha calidade superior a que ten en realidade.

7. Defenderse como gato panza arriba: defenderse desesperadamente.

8. Echarle (ponerle) el cascabel al gato: atreverse a facer algo arriscado ou difícil.

9. Gata parida ser una): persoa moi fraca e sen forzas.

10. Haber gato encerrado: haber misterio ou causa oculta.

11. Huir como gato escaldado: fuxir correndo.

12. Lavarse como los gatos: lavarse mal e de présa.

13. Llevarse el gato al agua: triunfar, saír coa súa, gañar en algo difícil ou con moita competencia.

14. ¿Te comió la lengua el gato?: díselle a alguén cando non contesta.

15. Tener uno siete vidas como los gatos: saír incólume de riscos, perigos, enfermidades etc., que normalmente serían causa de morte.

## Inglés

1. A cat may look at a king: non hai razón pola que un superior debería ser protexido de certos comportamentos dos seus inferiores.

2 A cat nap: botar unha cabezadiña durante o día.

3. Bell the cat: facer algo perigoso para un mesmo para axuda-los demais.

4. Be the cat's pyjamas (whiskers): ser, na opinión de alguén, xusto o que se quería.

5. Fight like Kilkenny cats: pelexar con tanta violencia que tódalas partes implicadas queden destruídas. (Vén dun conto irlandés no que dous gatos pelexaron ata que non quedou deles máis que os rabos).

6. Grin like a Cheshire cat: rir de forma ridícula e inapropiada. Orixe dubidosa, aparece en Alicia no país das marabillas, onde hai un Cheshire cat que non dá desaparecido porque permanece o seu sorriso.

7. Have (lead) a cat-and-dog life: vida de continuas liortas.

8. Let the cat out of the bag: descubrir un secreto.

9. Like a cat on hot bricks: moi nervioso, incapaz de sentarse ou de manter-la atención.

10. Like a cat with nine lives: saír sempre ben das situacións de perigo.

11. Like a scalded cat: reaccionar a unha dor ou medo repentinos.

12. Rain (pour) cats and dogs: chover a cimbraceous.

13. The cat's got somebody's tongue: díselle a quen non responde.

## Comentario

En galego e español este animal ten connotacións negativas. Emprégase para indicar que se despreza a alguén ou que algo é de mala calidade. Tamén

hai moitas locucións que fan referencia ós hábitos deste animal, como o feito de que se lavan coa lingua, que lle teñen medo á auga, que camiñan a catro patas, etc.

Sen ningunha dúbida é un dos animais que aparece con máis frecuencia na fraseoloxía das linguas, posiblemente pola relación de proximidade que ten co home.

Hai seis locucións que coinciden en galego e español. Cinco delas son equivalentes na forma e no significado: “a gatas”=“a gatas”; “buscarlle os catro (tres) pés ó gato”=“buscarle los tres (cinco) pies al gato”; “dar gato por lebre”=“dar gato por liebre”; “leva-lo gato á auga”=“llevarse el gato al agua” e “semellar unha gata parida”=“ser unha gata parida”. Tamén hai unha locución que só coincide na forma: “andar como o gato polas brasas” e “correr como gato por ascuas (brasas). En galego significa ir con tino; en español, saír correndo. En español e inglés coinciden catro locucións. Tres delas na forma e no significado: “echarle el cascabel al gato”=“bell the cat”; “¿te comió la lengua el gato?”=“the cat’s got somebody’s tongue” e “tener uno siete vidas como los gatos”=“like a cat with nine lives”. Unha delas coincide só na forma: “huir como gato escaldado” e “like a scalded cat”. En español significa fuxir correndo; en inglés, reaccionar a unha dor ou medo repentinos.

